

INFINITIVO CONXUGADO

1. Fórmase sobre a base do infinitivo nominal, tanto nos verbos regulares coma nos irregulares: and-a-r, and-a-re-s, and-a-r, and-a-r-mos, and-a-r-des, and-a-re-n.

2. Emprégase nos seguintes casos:

- Cando leva suxeito distinto ao do verbo da oración dominante: entrou na casa sen o saberen os donos, ao chegaren as chuvias sacaban os paraugas.

- Aínda tendo o mesmo suxeito que o da frase dominante, cando vai precedido de preposición, sobre todo se vai antes: para achegáreste a eles, toma precaucións; antes de marchardes, comede algo.

Cando vai posposto ao verbo da oración dominante, usarémolo fundamentalmente se hai certa distancia entre ambos: Seguide por ese estreito carreiro da beiramar ata verdes as illas.

- Úsase en frases completivas e circunstanciais do máis variado: estardes atentos é fundamental, é preciso abrigármonos. E circunstanciais (sempre encabezado por unha preposición):

- finais (con para): apurade un pouco máis o paso para chegardes a tempo;
- causais (con por): por falarmos de máis, metémonos nun compromiso;
- temporais (coa contracción ao): ao chegares, avísame;
- condicionais (con de): de cociñares mellor, contrataríante;
- concesivas e outros valores (con con): con choraren, non o van conseguir.3. Non o usaremos **nunca**:

- nas perífrases: tedes que traballar.

- cando a preposición é esixida polo verbo: non vos esquezades de cerrar ben a billa.

FUTURO DE SUBXUNTIVO

1. Forma: ten as mesmas desinencias que o infinitivo conxugado, de maneira que a súa forma coincide pero nos verbos irregulares leva a raíz de pretérito:

infinitivo conxugado: dicirdes, queren, caberes.

futuro de subxuntivo: dixerdes, quixeren, couberes.

2. Valor: indica unha acción futura non real pero con probabilidade de realizarse: cando viñeres pola casa, veralo.

3. Uso: este tempo verbal está case perdido na fala, por presión do castelán, pero consérvase en frases feitas e refráns: veña o ben e veña por onde quixer.

Estase a recuperar sobre todo na lingua literaria e en rexistros formais da escrita documental xurídica e administrativa: os que botaren o lixo fóra dos colectores, serán multados.